



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS A ENTIDADES

EXpte TEDEC: 2024/A002/000003

I-OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto destas bases é regular a concesión polo Concello de Frades de axudas económicas municipais a entidades: culturais, deportivas, asociacións veciñais e calquera outra de interese social que fomente a participación cidadá na vida municipal durante o ano segundo a ordenanza xeral municipal reguladora de concesión de subvencións publicada no BOP nº 62 de 04/04/2016.

II-FINANCIACIÓN

Os créditos para financiar as axudas reguladas nestas bases, atópanse contidos no orzamento municipal para o ano 2024, partida orzamentaria 334 4800 por importe máximo de 33.450 €.

III-BENEFICIARIOS. REQUISITOS

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nestas bases todas as asociacións legalmente constituídas e con personalidade xurídica así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados como subvencionables. Ambas deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Carecer de fins de lucro
- b) Desenvolver as súas actividades no termo municipal
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Frades
- d) Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Frades.
- e) Estar inscritas no Rexistro de Entidades ou agrupacións do Concello.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases aquelas persoas nas que conorra algunha das circunstancias sinaladas no apartado segundo do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

IV-RÉXIME E IMPORTE DAS AXUDAS

As subvencións outorgaranse, previa petición a instancia do solicitante, con cargo ao orzamento da Corporación para cada exercicio. O seu outorgamento será motivado e os seus importes non poderán ser revisados nin ampliados.

O importe das subvencións a conceder non superará o previsto no Orzamento Xeral da Corporación para cada exercicio orzamentario.

O importe das axudas poderá alcanzar o 100% do orzamento de gastos, non podendo superar en ningún caso ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, o custe da actividade subvencionada.

Serán gastos subvencionables:

-Gastos xerais derivados das actividades (transporte, contratación de persoal docente, material inventariable, etc.), pola porcentaxe imputable á actividade concreta a subvencionar.

-Obras e melloras de bens inmobles.

-Gastos de funcionamento cando estean directamente vencellados coa realización da actividade ou investimento ata un máximo dun 10% do total subvencionable.

-Traballos realizados por persoal voluntario non remunerado pertencente á asociación (ata un máximo dun 40%). Para xustificar este concepto será necesario presentar unha declaración na que se faga constar os datos do persoal así como as horas de traballo realizadas por cada un deles (Anexo VI)

Non serán gastos subvencionables:

-Os gastos de manutención

-Os gastos xerais non vinculados á realización dunha actividades concreta, proxecto concreto...



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

V- CRITERIOS DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

Ponderaranse os seguintes criterios de concesión:

-Número de persoas beneficiarias ata 20 puntos, que se distribuirán de xeito proporcional segundo os beneficiarios que se xustifiquen debidamente (exemplo: socios, veciños da parroquia, ...)

-Calidade da programación ata 20 puntos, criterio a valorar pola comisión avaliadora segundo se xustifique na documentación achegada.

-Necesidade da obra ou investimento ata 20 puntos, criterio a valorar pola comisión avaliadora segundo se xustifique na documentación achegada.

VI-SOLICITUDES. Lugar, prazo, presentación e modelo.

As solicitudes dirixiranse ao Alcalde-Presidente e serán presentadas:

- Na sede electrónica.
- No rexistro xeral municipal conforme ao modelo facilitado polo concello.
- Por calquera outro medio dos previstos do artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo para a presentación de solicitudes é de **trinta días naturais** a contar dende o día seguinte á data de publicación das presentes bases na Base de Datos Nacional de Subvencións e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes, acompañadas da documentación que se especifica no artigo VII das presentes bases, formalizaranse en modelo normalizado de solicitude (Anexo I). Os modelos así como o resto da documentación a presentar poderá consultarse nas bases completas na plataforma de Bases de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) e no taboleiro da sede electrónica municipal. Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas fora do prazo establecido para solicitar, ditándose resolución pola que se declara o arquivo sen máis trámite, e que será notificado a/o interesada/o. As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola persoa interesada, segundo modelo específico para iso.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

VII- DOCUMENTACIÓN

a) Solicitude, segundo modelo que se acompaña no anexo I, asinada polo Presidente ou quen teña conferida a delegación debidamente acreditada.

b) Fotocopia do DNI do solicitante no caso das persoas físicas ou CIF no suposto de persoas xurídicas.

No suposto de agrupacións sen personalidade xurídica, a solicitude de subvención, deberá ser asinada por tódolos membros da devandita agrupación acompañada de fotocopia do DNI de cada un dos membros, nomeando un representante, que asumirá ante o concello os deberes previstos nas presentes bases. Os membros da agrupación responderán solidariamente fronte o concello das obrigas sinaladas nas presentes bases e na Lei 38/2003 de subvencións durante o tempo establecido nos seus artigos 39 e 65.

c) Certificación do acordo de solicitude de axuda económica e do nomeamento do representante (Anexo II).

d) Declaración na que se recolla o conxunto de todas as axudas que teña solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade polas distintas Administracións públicas. (Anexo III).

e) Declaración de atoparse ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de presentación da solicitude. (Anexo IV).

f) Compromiso de facer constar en todo tipo de información que realice no desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración prestada polo concello de Fraides (Anexo IV).

g) Programa detallado da actividade ou servizo para o que se solicita a subvención, especificando a súa denominación, data, lugar de realización, obxectivos e fins a que se destinarán os fondos, número de persoas ás que se dirixe e medios humanos e materiais que se van empreñar (Anexo V).

h) Orzamento de ingresos e gastos da actividade con expresión da financiación prevista por partidas co suficiente grao de detalle que permita comprobar que tódolos conceptos de gastos son subvencionables (Anexo V).

i) Importe da subvención solicitada (Anexo V).



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

j) Certificación do número de conta corrente da Asociación ou do beneficiario na que se procedera ao ingreso da subvención.

K) Ademais da documentación anterior, no caso de realización de obras:

- Memoria valorada ou proxecto de técnico competente

- Acreditación da titularidade da propiedade ou dereito real que ostente sobre o ben inmovible. No caso de que a entidade non teña a propiedade do ben no que se vai facer o investimento, presentárase autorización do propietario.

- Compromiso de solicitar a licenza ou comunicación previa e autorizacións correspondentes á investimento ou autorizacións correspondentes.

No suposto de que a documentación non cumpra os requisitos esixidos ou que a documentación aportada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase ao solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta e aporte os documentos preceptivos, con indicación de que si así non o fixese de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/92, de 26 de novembro, LRXAPAC, considerarase desistido da súa petición, previa resolución, que será ditada nos termos previstos no seu artigo 42.

VIII-PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes serán resoltas pola Xunta de Goberno Local, previo informe da Comisión de Valoración e fiscalización de intervención municipal.

Revisadas as solicitudes e completadas as carencias documentais detectadas, remitiranse á Comisión de Valoración para o seu estudo e proposta de resolución, previo estudo e ponderación dos criterios ou valoracións.

O outorgamento da subvención deberá ser destinado exclusivamente para as liñas previstas na mesma. A súa aprobación polo órgano competente xera o dereito do petionario a esixila e poderá esixirse unha vez cumpridas as actividades obxecto desta.

En ningún caso, a contía da axuda poderá supera-la dos fins para os cales foi concedida, debendo procederse por parte do beneficiario ó reintegro dos fondos sobrantes sen que, en ningún caso, poida procederse ó seu gasto sen autorización municipal.

IX-RESOLUCIÓN E RECURSOS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

Cumpridos os trámites para a instrución do procedemento e fiscalizada a proposta pola intervención municipal, a Xunta de Goberno Local ditará a resolución que proceda no prazo de dous meses, computado a partires da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución expresa, enténdese que esta é desestimatoria.

A resolución estimatoria ou desestimatoria pon fin á vía administrativa, contra a que poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante a XGL no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo de concesión.

As entidades poderán solicitar un anticipo de ata un 50% do importe concedido unha vez recibida a resolución favorable por escrito por parte do Concello de Frades (Anexo VIII).

X-XUSTIFICACIÓN E PAGO.

Antes do **30 de novembro de 2024**, as asociacións beneficiarias das axudas deberán presentar no Rexistro Xeral deste Concello, a documentación seguinte:

- a) Memoria detallada das actividades realizadas (Anexo VII).
- b) Relación de ingresos e gastos da actividade (Anexo VII)
- c) Facturas xustificativas dos gastos efectuados, orixinais ou fotocopias compulsadas, nas que constará o nº de factura, o nome da asociación ou do solicitante, de ser o caso, DNI ou CIF, tanto da empresa expendedora da factura, como do cliente da mesma, importe. As facturas xustificativas corresponderán a gastos realizados do 1 de xaneiro de 2024 ata o día no que finalice o prazo de xustificación (30/11/2024).
- d) Declaración na que se recolla o conxunto de todas as axudas que teñan concedidas para a mesma finalidade pola restantes Administracións Públicas (Anexo III)
- e) No caso de obras, poderase solicitar por escrito ao Concello unha ampliación do prazo dun máximo de 15 días (ata o 15 de decembro de 2024) no caso de non ter rematada a obra en prazo por causas xustificadas.

XI- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios das axudas veñen obrigados a:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

-
- Cumprir a finalidade para a que foi concedida a axuda, realizando as actividades previstas.
 - Xustificar ante o Concello o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda.
 - Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas polo Concello e aportar a documentación ou xustificacións que lle sexan requiridas.
 - Comunica-la concesión doutras axudas que financien a actividade subvencionada.
 - Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e perante a Seguridade Social.
 - Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 2018 de novembro, Xeral de Subvencións.
 - Comunicar a posible concesión doutras axudas de carácter público ou privada.
 - Facer constar en todo tipo de información que realice no desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración prestada polo concello de Frades.

XII.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia, estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases, estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O ALCALDE

Asdo: Roberto Rey Martínez



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIIS, DEPORTIVAS E DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (OBRAS OU INVESTIMENTOS) NO ANO 2024.

D./D^a....., co DNI
n^o....., con n^o de teléfono:
..... e con
endereço....., deste termo
municipal, en representación da entidade
.....

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

.....,con CIF/NIF
..... e con enderezo
en.....

EXPÓN:

Vistas as bases reguladoras da convocatoria de axudas económicas para a realización de actividades culturais, deportivas e festivas no ano 2024, publicadas no BOP nº.....de....., a entidade que represento

SOLICITA:

Que lle sexa concedida unha axuda por un importe de
€ para a realización de actividades:

CULTURAI

DEPORTIVAS

PROMOCION ECONOMICA (OBRAS OU INVESTIMENTOS)

_____, ____ de _____ de 2024.

Asdo./

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES-A CORUÑA

ANEXO II

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE AXUDA ECONÓMICA E DO NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE

D/Dª....., co DNI
nº....., como Secretario/a da
entidade.....



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

CERTIFICO:

Que na reunión da Xunta Directiva da mencionada entidade, celebrada o día.....de.....de 2024, adoptouse o acordo de presentación de solicitude de axudas económicas para a realización de actividades ou investimentos.

- Culturais
- Deportivas
- Promoción económica (obras)

Para o ano 2023, ademais, acordouse nomear a D/Dª....., como representante para as relacións desta entidade do Concello de Frades.

E para que conste ós efectos oportunos expido a presente certificación en....., ode.....de 2024.

Vº e Pr. O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

ANEXO III

DECLARACIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS SOLICITADAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, DEPORTIVAS E DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (OBRAS OU INVESTIMENTOS) NO ANO 2024.

D./Dª....., co DNI nº..... en representación da entidade ,con CIF/NIF e con enderezo en.....

DECLARA:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Que nas datas que a continuación se relacionan, a entidade que representa presentou solicitude/s lle foron concedida/s, si é o caso, as axudas seguintes para a mesma finalidade.

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA Á QUE SE SOLICITOU	DATA (1)/CONCESIÓN (2)	SOLICITUDE	CONTÍA
A AXUDA			

1.- (No caso de atoparse pendente de resolución, indicárase PENDENTE)

2.- (No caso de solicitudes denegadas farase constar DENEGADA)

A entidade que representa non solicitou nin lle foi concedida ningunha axuda para a mesma finalidade das restantes administracións públicas competentes.

En Fraides ,de.....de 2024.

Asdo.

ANEXO IV

DECLARACIÓN DE ATOPARSE Ó CORRENTE NO PAGO DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS E NO CUMPRIMENTO COAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE FACER CONSTAR A COLABORACION DO CONCELLO DE FRADES

D./D^a....., co DNI nº..... en representación da entidade ,con CIF/NIF e con en....., solicitante dunha axuda para a realización de actividades culturais, deportivas ou de promoción económica (obras ou investimentos).

DECLARA:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Que a día de hoxe a entidade que representa atópase ó corrente no pago dos tributos municipais e coas demais Administracións Públicas e no cumprimento coas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

COMPROMÉTESE:

A facer constar en todo tipo de información que realice no desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración prestada polo concello de Frades.

E para que conste e xurda os efectos oportunos, expido a presente declaración, que asino en

En Frades,de.....de 2024.

Asdo.

ANEXO V

PROGRAMA DETALLADO DA ACTIVIDADE

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE

BREVE DESCRICIÓN DA MESMA

DATA

LUGAR DE REALIZACIÓN

RESPONSABLES DO DESENVOLVEMENTO DA MESMA

OBXECTIVOS E FINS CONCRETOS A QUE SE DESTINARÁN OS FONDOS

Nº DE PERSOAS QUE SE BENEFICIARÁN DA AXUDA

MEDIOS HUMÁNS E MATERIAIS QUE SE VAN EMPREGAR

ORZAMENTO DETALLADO(Tódolos conceptos deberán axustarse ó programa que sinale)

GASTOS	INGRESOS
-Persoal:.....€	-Propios:.....€



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

-Persoal non remunerado pertencente á asociación (máximo 40% do orzamento).....€	-Achega do Concello de Frades:€ (B)
-Material:€	-Achegas doutras administracións e institucións:.....€
(Especificar)	-Outros ingresos:€
-Obras:.....€	(Especificar)
-Outros.....€	
(Especificar)	
Total gastos:€ (A)	Total ingresos:.....€ (A)

Sendo polo tanto, o coeficiente de financiamento que se solicita do.....
% (B/A)

Asdo.-O/a presidente/a

ANEXO VI

DECLARACION DE TRABALLO REALIZADO POR PERSOAL VOLUNTARIO NON REMUNERADO

D....., co DNI....., como Secretario/a da entidade....., co CIF.....

declara baixo xuramento que as persoas que se relacionan a continuación realizaron traballos voluntarios non remunerados para a entidade co obxecto da seguinte actividade
.....
.....

Nome e apelidos	DNI	N ^o de horas



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Asdo:

O/a presidente/a O/a secretario/a

ANEXO VII

MEMORIA XUSTIFICATIVA

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE

BREVE DESCRICIÓN DA MESMA

DATA

LUGAR DE REALIZACIÓN

RESPONSABLES DO DESENVOLVEMENTO DA MESMA

OBXECTIVOS E FINS CONCRETOS A QUE SE DESTINARÁN OS FONDOS

Nº DE PERSOAS QUE SE BENEFICIARÁN DA AXUDA

MEDIOS HUMÁNS E MATERIAIS QUE SE VAN EMPREGAR

ORZAMENTO DETALLADO

(Tódolos conceptos deberán axustarse ó programa que sinale)

GASTOS	INGRESOS
---------------	-----------------



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

-Persoal:.....€	-Propios:.....€
-Persoal non remunerado da asociación (máx 40% do orzamento).....€	-Achega do Concello de Frades:€ (B)
-Material:€ (Especificar)	-Achegas doutras administracións e institucións:€
-Obras:.....€	-Outros ingresos:€
-Outros.....€ (Especificar)	(Especificar)
Total gastos:€ (A)	Total ingresos:.....€ (A)

RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS

Nº FACTURA	CONCEPTO	NOME E CIF OU NIF DA EMPRESA	IMPORTE

Asdo.-O/a presidente/a

ANEXO VIII

SOLICITUDE DE ANTICIPO PREPAGABLE

D./Dª....., co DNI nº..... en representación da entidade
.....,con CIF/NIF e con enderezo en....., beneficiario da axuda denominada.....

....., por importe de€.

SOLICITA:

Un anticipo da subvención concedida polo Concello de Frades de€, correspondente ao(máximo 50%) do total da axuda.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

Comprometéndose a xustificar estes gastos coas facturas e no prazo correspondente.

No caso de non facelo, deberá reintegrar o importe anticipado polo Concello de Frades e someterse ás sancións pertinentes sinaladas na lexislación vixente en materia de subvencións.

En Frades,de.....de 2024.

Asdo.